



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NO MARCO DO DISPOSTO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DO DECRETO 168/2008, DO 24 DE XULLO, POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ.**

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

**REUNIDOS**

O Sr. Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, D. Alfonso Rueda Valenzuela, facultado polo disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. Jorge Cubela López, Presidente da Comisión Xestora do Concello de Cerdedo-Cotobade en representación da mesma, e en uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración; xa que logo,

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.**- A través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE do 17 de decembro de 1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que dentro do territorio de Galicia desempeñaba a Administración do Estado sobre revisión e aprobación das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, fixación do seu cadro de persoal e adscrición, se é o caso, de funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos xulgados de localidades de máis de 7.000 habitantes e aos que pola carga de traballo se considere xustificadas.

**SEGUNDO.**- Froito do exercicio da anterior competencia é o Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (*DOG do 12 de agosto de 2008*) que, na súa disposición transitoria primeira, establece que en tanto non se revoguen ou deixen sen efecto polos concellos ou a consellería competente, respectivamente, as designacións de persoal idóneo das secretarías dos xulgados de paz, este persoal deberá colaborar nas funcións propias das secretarías, para o cal no seu apartado segundo senta as bases para dignificar as condicións de traballo deste colectivo que, sen relación laboral coas administracións públicas, e ao abeiro do artigo 50.3 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, está a desempeñar, por un tempo superior aos cinco anos, as funcións nas secretarías de xulgados de paz en localidades de menos de sete mil habitantes.



Neste senso, para garantir a colaboración do persoal idóneo nas funcións propias das secretarías de paz en dignas condicións de emprego, o devandito Decreto prevé a formalización de convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as administracións locais para fomentar a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes, coas limitacións previstas na referida disposición.

De conformidade con canto antecede, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio, de conformidade coa disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, ten por obxecto instrumentar a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo-Cotobade para o financiamento da contratación laboral por parte deste, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo e e a secretaría do xulgado de paz de Cotobade, sempre e cando o veñan realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior aos cinco anos, ou ben, o concello tivese procedido á súa contratación no ano 2016 ao abeiro da devandita disposición transitoria do Decreto 168/2008, do 24 de xullo.

### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións, considerárase gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, responderen á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017, data límite da xustificación do convenio.

### **TERCEIRA.- CAPACIDADE**

Previamente á formalización do presente convenio, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.



#### **CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO**

O Concello obrígase a poñer á disposición da secretaría do xulgado de paz un local axeitado cos medios necesarios para a realización das actividades que son propias do xulgado de paz.

#### **QUINTA.- ORZAMENTO E OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA**

Co fin de fomentar a contratación do persoal idóneo como administrativo ou no seu defecto, auxiliar administrativo por parte do Concello, a Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (a través da Dirección Xeral de Xustiza) financiará ao Concello de Cerdedo-Cotobade os gastos subvencionables sinalados na cláusula segunda, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.461.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, tramitándose o expediente ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, (modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001), quedando a eficacia do convenio sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

A contía máxima da subvención será de 17.000,00 € coa seguinte distribución:

- Ata un máximo de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cerdedo.
- Ata un máximo de oito mil cincocentos euros (8.500,00 €) para a contratación laboral por parte do Concello de Cerdedo-Cotobade, do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz de Cotobade.

#### **SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

Para proceder ao pagamento, o Concello de Cerdedo-Cotobade presentará a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo Anexo I).
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes así como dos entes privados (modelo Anexo II)
- Declaración do cumprimento do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de



subvencións de Galicia (modelo Anexo III)

- Copias cotexadas dos contratos do persoal contratado ao abeiro da cláusula primeira do presente convenio.
- Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2017.

O libramento do pagamento requirirá certificado que acredite o correcto desenvolvemento das actuacións realizadas expedido pola Dirección Xeral de Xustiza.

Estas axudas serán compatibles con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de maneira que, en ningún caso, o seu importe sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, supere o custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

#### **SÉTIMA.- COMISION DE SEGUIMENTO**

Para facilitar o seguimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

#### **OITAVA.- VIXENCIA**

O prazo de vixencia do presente convenio será desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, as partes poderán acordar a renovación a través de novos convenios de carácter anual.

#### **NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio:



- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos obrigatorios segundo as súas cláusulas por algunha das partes.
- b) Por mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da súa finalización.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE**

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA E INTERPRETACIÓN.**

O presente Convenio ten natureza administrativa, e considérase incluído no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerese polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Tendo en conta a natureza xurídico-administrativa deste convenio, as cuestións litixiosas que puideran derivarse da súa execución serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE**

O presente convenio de colaboración rexerese por:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.
- Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.
- Acordo adoptado polo consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

galicia

Economía e Facenda de data 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno nos seus artigos 15 e 17.
- Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz

De conformidade con canto antecede e no exercicio das atribucións das que son titulares os asinantes, subscriben, en duplicado exemplar, o presente convenio no lugar e data ao comezo sinalados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO  
DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA

O PRESIDENTE DA COMISIÓN  
XESTORA DO CONCELLO DE  
CERDEDO-COTOBADE

Alfonso Rueda Valenzuela

Jorge Cubela López



**ANEXO I**

\_\_\_\_\_, Secretario-Interventor do Concello de Cerdedo-Cotobade

**CERTIFICO:**

- Que en cumprimento do establecido no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cerdedo-Cotobade, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de Xulgados de Paz, de data 6 de febreiro de 2017, o Concello de \_\_\_\_\_ procedeu á contratación de D.\_\_\_\_\_, desde o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ ata o \_\_\_\_\_ de 2017.
- Que o custo total da devandita contratación no presente ano 2017 ascende a \_\_\_\_\_ euros, co seguinte desglose:
  - Salario líquido: \_\_\_\_\_ euros,
  - Retención IRPF: \_\_\_\_\_ euros
  - Seguridade social (achega do traballador): \_\_\_\_\_ euros
  - Seguridade social (achega correspondente ao Concello): \_\_\_\_\_ euros
- Que o importe correspondente á retribución de D. \_\_\_\_\_ foi contabilizada e pagada.

E para que así conste ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co fin de acreditar a xustificación do mencionado convenio, expido a presente certificación, en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de dous mil dezasete.

Visto e Prace  
O Alcalde



**ANEXO II**

D. Jorge Cubela López, Presidente da Comisión Xestora do Concello De Cerdedo-Cotobade

DECLARA:

Que en relación co convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e este concello con data 6 de febreiro de 2017, no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz, polo que se lle concede a este concello unha subvención de.....€ para a contratación laboral para o ano 2017 do persoal idóneo designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz, este concello:

- o Non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo fin.
  
- o Solicitou a subvención (identifíquese o nome da subvención ou convenio) e lle foi concedida polo importe de.....euros.

E para que así conste, segundo o sinalado na cláusula sexta do devandito convenio, asino esta declaración en.....a ..... de..... de 2017.



### **ANEXO III**

Don. Jorge Cubela López

con NIF nº..... Presidente da Comisión Xestora do Concello De  
Cerdedo-Cotobade

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade á que represento, beneficiaria dunha subvención ao abeiro do Convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de....., no marco do disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz, **non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2<sup>1</sup> e o 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

E para que así conste, asino esta declaración.

En..... a .....de..... de 2017

- 1) Inclúe “e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma” e “g) non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións”